


Educación Infantil

Día das letras galegas 2013



Grupo de Trabajo

«Vidal Bolaño na rede.»

Actividades con tics para infantil e primaria»

Andrés Losada, Rosa María
Barca Gómez, Marta
Gallego Revaldería, Xulio
Guimarey Cedeira, Vanessa
Hortas González, Isabel
Magalhaes Alonso, Laura
Pedrosa Moreno, Julio
Pena Sánchez, Iván
Suárez Hermida, Mario Ramón
Vidal Bariego, Laura

Grupo de Trabajo

«Lingua e teatro.

Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas»

Aguilar Amigo, María Luísa
Barca Gómez, María
Félix Cedeira, María del Carmen
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Herrero Mayor, Armando Xosé
Picado Rodríguez, José Antonio
Romero Olveira, María Fátima
Santiso Andrade, Paz
Souto Pereira, María Jesús
Vidal Dopazo, María José

Asesoría pedagógica CEFOR A Coruña

Miguélez Pose, Isabel María
Sobrino Josenje, Santiago

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz (www.edugaliza.org)


Colexios participantes

CEIP «W. Fernández Flórez», de Cambre
CEIP «Portofaro», de Cambre
CRA de Culleredo
CEIP «Torrente Ballester», de Sigrás-Cambre
CEIP «Montel Touzet», da Coruña
CEIP «Sal Lence», da Coruña
CEIP «Eusebio da Guarda», da Coruña
CEIP «Manuel Murguía», da Coruña
CEIP «Praia de Quenxe», de Corcubión
CEIP «Milladoiro», de Malpica de Bergantiños
CEIP «San Xosé Obreiro» de Meicende-Arteixo
CEIP de Portosín-Porto do Son
CEIP «Galán», de Oseiro-Arteixo

Á Real Academia Galega, á Universidade de Vigo, á Asociación Roberto Vidal Bolaño, a María Fernández, a Paco Guitián, a Carlos Gallego, a María Bao Fente e a todos aqueles que contribúen, anonimamente e desinteresadamente, á publicación destas actividades. Grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>




ROBERTO

VIDAL BOLAÑO



**LETRAS
GALEGAS, 2013**


**OLA, SOMOS TEA E TREIRAS, MÁSCARAS DE TEATRO
E PRESENTÁMOSVOS AO HOMENAXEADO NAS LE-
TRAS GALEGAS, 2013**



TEA

TREIRAS

COLOREA MÁSCARA QUE SORRÍ, PÍCALLE OS OLLOS E A BOCA E PONLLE PAPEL CELOFÁN POLA PARTE POSTERIOR.
DÁLLE COR AO NOME COMPLETO DO HOMENAXEADO.



**NACEU EN SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 1950.
NA SÚA FAMILIA ERAN 4.**

1

FILLO

Nome:

Apelidos:

Fillo de

e de

Naceu o día

de

de

Rexistro Civil de **SANTIAGO**


Tomo **163**

Páxina **283**

Observacións:

Carimbo e data:

6 de agosto de 1950



Certifica e asina D. **Xulia Rodríguez Berrocal**

- 4 -

ROBERTO

XULLO

CARMEN

1950


VIDAL BOLAÑO

ROBERTO

31



COMPLETA O LIBRO DE FAMILIA DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO, PICANDO E PEGANDO CADA DATO NO SEU LUGAR.

ESTUDOU EN SANTIAGO. COMEZOU A TRABALLAR MOI NOVO. O SEU PRIMEIRO
TRABALLO FOI O DE REPARTIDOR DE RECAMBIOS DE COCHE.
ÍA SEMPRE EN BICICLETA.





SEGUIE OS PARAFUSOS DO CAMIÑO ATA CHEGAR AO TALLER. LOGO COLOREA OS PARAFUSOS E O CAMIÑO.
CONTA OS PARAFUSOS E AS PORCAS POLAS QUE PASOU ROBERTO E ANOTA O SEU NÚMERO.

TIVO MOITOS EMPREGOS. O TRABALLO QUE MÁIS LLE GUSTABA ERA O TEATRO. ALÍ DESEMPENOU MOITOS OFICIOS: ILUMINADOR, ACTOR, DIRECTOR, PINTOR...




RECORTA E COLOCA O NOME DE CADA PARTE DO TEATRO ONDE LLE CORRESPONDE.

TRABALLOU NO CINE E NA TELEVISIÓN. FOI ACTOR DE DOBRAXE EN MÁIS DE CINCUENTA PELÍCULAS.




ARRODEA AS TELEVISIÓNS QUE TEÑEN O MANDO Á DEREITA E COMPLETA A SERIE COS NÚMEROS QUE FALTAN.

ROBERTO ESCRIBIU MOITAS OBRAS DE TEATRO EN GALEGO. ALGUNHAS TAMÉN PARA NENOS E NENAS.



SALÓN TEATRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA



RUADA DAS PAPAS E DO UNTO


TEATRO ANTROIDO

5 €

17 DE MAIO DE 2013



| BUTACA | FILA |
|--------|------|
| 1 | 3 |



NÚMERO DE BUTACA




NÚMERO DE FILA



PREZO DA ENTRADA



BUSCA NA ENTRADA DO TEATRO OS DATOS DA DEREITA. RODEA O CÓDIGO DE BARRAS. PINTA DE AZUL O NOME DO TEATRO, DE VERMELLO A DATA E DE AMARELO O PREZO.



ESTE É UN FRAGMENTO DA OBRA «LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES», DE ROBERTO VIDAL.

LAUDAMUCO:

O MEU CORPO É UN XARDÍN,
COMO NUNCA OUTRO VIN.
SON O REI!


NO PEITO NÁCENME FLORES
DAS MÁIS FERMOAS CORES.
SON O REI!

NA GORXA NACEUME UN PANDEIRO,
QUE TOCO CON MOITO SALERO
SON O REI!


NOS PÉS TEÑO UN PIRINVEL,
E AO ANDAR A TODOS LEDO CON EL.
SON O REI!

OS BEIZOS TEÑO QUEIMADOS,
DO BICAR DE NAMORADOS
SON O REI!

LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES




XARDÍN




FLORES




AVIÓN



PÉS



FRAUTA




PANDEIRO

COLOREA OS ELEMENTOS QUE APARECEN NO POEMA.




NA OBRA «TOUPORROUOU DA LÚA E DO SOL», O NARRADOR, NUN DIÁLOGO ENTRE O SOL E A LÚA EXPLICA COMO ANOITECE.. «O SOL VAISE, SEN A MIRAR SEQUERA, LEVANDO CON EL MOITA DA LUZ QUE DEICA ENTÓN HABÍA. A LÚA FICA SOA, ARRODEADA DE ESTRELAS, E DONA E SEÑORA DO QUE HOXE CHAMAMOS NOITE».

TOUPORROUOU DA LÚA E DO SOL



COLOREA O TEATRO E OS MONICREQUES. PÍCAOS E ÚSAOS NO TEATRO.



NA OBRA «XÁXARA, PEITUDA, ...», ROBERTO VIDAL ELOXIA A MÚSICA E INSTRUMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS.

TODOS: VEÑA E ESCOITE, SEÑOR!
PANIOGAS: COMO SOA A GAITA!



O RAPAZ ESCOMEZA A TOCAR A GAITA.

TARELO: COMO O PANDEIRO!

O PANIOGAS ESCOMEZA A TOCAR O PANDEIRO.

PEITUDA: E COMO O TAMBORIL.
CACHAMÓN: E COMA ISTES MOCIÑOS BAILAN AS SÚAS DANZAS E NON AS DE FÓRA DE AQUÍ!


XÁXARA, PEITUDA, PANIOGAS, TARELO, O RAPAZ E O CACHAMÓN



PERCUSIÓN



VENTO



CORDA



PINTA OS INSTRUMENTOS QUE SE NOMEAN NO TEXTO E ÚNEOS COA SÚA FAMILIA MUSICAL